



Avenida Rodríguez de Viguri, 16 baixo  
15703 Santiago de Compostela Galiza  
Tfne. 981555850 Fax 981555851  
sedenacional@bng-galiza.org

Compostela, 18 de setembro de 2013

Benquerido amigo e compañeiro Beiras,

Como ben sabes, antes do verán o BNG mantivo reunións con outras forzas políticas galegas para explorar, entre outras posíbeis liñas de acción conxunta, a posibilidade de conformar, de cara ás eleccións europeas de 2014, unha gran coalición de forzas nacionalistas de esquerda para garantir unha potente representación dos intereses de Galiza en Europa e defender unha outra Europa, dos pobos, democrática, non neoliberal e solidaria. Entre esas xuntanzas, e contando coa túa presenza, reunímonos con ANOVA, que nos comunicou que precisaba algún tempo para valorar a proposta.

Dado que acabamos de coñecer polos medios que o pasado sábado definistes a vosa posición de cara ás eleccións europeas, para podermos avanzar, achégoche o acordo do Consello Nacional do BNG do 6 de setembro -que fixemos público ese mesmo día- en que concretamos os criterios básicos que vos anticipamos xa na reunión de xullo (vai en documento anexo).

Como podes comprobar, o noso obxectivo principal é garantir unha sólida representación de Galiza, dos nosos intereses colectivos como país e, particularmente, os desa maioría social que padece as consecuencias dunhas políticas europeas –e da Troika– abertamente devastadoras da nosa economía, que arrasas as conquistas sociais de décadas e conducen a un aumento insoportábel da inxustiza social e da pobreza.

Diciamos daquela e ratificamos no noso Consello Nacional que esa representación nacional galega debería servir para visibilizar claramente en Europa a nación galega e as nosas aspiracións soberanistas nun contexto en que tanto no Estado español como en Europa está aberto un vivo debate sobre o dereito a decidir e a creación de novos estados, cos casos de Escocia, Catalunya, Euskal Herria e Flandes nun primeiro plano. Sen dúbida, este é o momento en que a representación directa da Galiza, como nacionalistas galeg@s, resulta de crucial importancia para avanzar no noso recoñecemento internacional, continuando a senda que comezara hai 80 anos o noso benquerido Plácido Castro na Sociedade de Nacións e que materializaron desde o ano 1999 @s europarlamentari@s do BNG. Galiza ten que estar presente directamente, con voz nacionalista, neste momento crítico de redefinición do mapa das nacións na Europa occidental. É a hora das nacións en Europa e Galiza ten que estar nese proceso, con voz propia e erguendo a bandeira da soberanía dos pobos e das nacións sen estado.

Ao ser estatal a circunscrición electoral para as eleccións europeas, pode resultar acaído conformar unha gran coalición coas demais forzas nacionalistas de esquerdas das demais nacións sen estado existentes no Estado español. Conxuntamente representamos un polo soberanista de esquerda que ten a posibilidade de acadar un importantísimo apoio electoral e unha significativa representación no Parlamento europeo. Iso garante unha presenza segura e

forte da Galiza, do nacionalismo de esquerdas, en Bruxelas. Ademais, un éxito relevante desa gran coalición do soberanismo de esquerdas das nacións sen estado suporía o golpe máis contundente a este réxime político español, centralista, monárquico e corrupto.

Por outra parte, á vista da profunda crise do actual modelo da UE resulta oportuno e urgente avanzar cara a unha Europa dos pobos que recoñeza todas as nacións sen estado que a conforman. Desde logo, como sabes, ningunha forza nacionalista de esquerdas vasca ou catalá -nin ningunha forza nacionalista en xeral- vai ir en coalición con forzas estatais, algo en que coincidimos no BNG.


Alén das consideracións de principios políticos resulta imprescindible tomar en conta as posicións das forzas políticas no Parlamento Europeo en asuntos concretos que afectan a intereses claves e estratéxicos da nosa economía produtiva e das nosas clases populares.

Nese contexto, coido que no caso galego temos unha ampla marxe para, con xenerosidade, acordarmos unha gran coalición galega nacionalista de esquerdas, aberta a outras forzas que permitisen enriquecer e reforzar a representación do noso país e, por suposto, de todos os movementos sociais activos na Galiza. Nós xulgamos que esa candidatura unitaria non debe excluír ningunha forza política galega que poida compartir as liñas básicas da coalición.

Con ese fin, e coa mellor disposición para chegarmos a un acordo xeneroso na definición das prioridades para esa representación da nación galega na UE e contribuír a mudar o seu modelo, propñoche unha reunión das nosas organizacións para abrir un proceso de diálogo formal co fin de avanzar na conformación dunha coalición unitaria galega nacionalista de esquerdas.

Agardo que a proposta sexa acollida con interese pola vosa parte e que esa reunión poida ter lugar á maior brevidade posíbel.

Recibe unha aperta fraternal a prol dunha Galiza liberada,

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Xavier Vence', with a large, sweeping flourish at the end.

Xavier Vence

Portavoz Nacional do BNG